



## Concello de Bueu

<b>Expediente</b>	2798/2022
<b>Código SIA</b>	2400470
<b>Procedemento</b>	Contratacións
<b>Asunto</b>	CONCURSO DE IDEAS - Para a mellora das condicións de urbanización do barrio de Banda do Río
<b>Unidade xestora</b>	200 Administración Xeral - Unidade de Secretaría Servizos Xerais
<b>Documento</b>	Informe do órgano xestor
<b>Trámite</b>	Informe Xustificativo da necesidade, idoneidade e eficiencia da contratación

### **INFORME XUSTIFICATIVO DA NECESIDADE, IDONEIDADE E EFICIENCIA DA CONTRATACIÓN.**

#### **I.- ÁMBITO FUNCIONAL**

O presente informe se emite tendo en conta o ámbito material da concellería delegada de Facenda, Subvencións e Contratación Pública así como da concellería delegada de Urbanismo, Mobilidade segura e sostible e Patrimonio municipal, que resultan do réxime interno da organización do goberno municipal resultado da resolución de alcaldía núm. 2023-1428, de 21.07.2023 ( BOP num. 151 de 07.08.2023).

Do acto administrativo de alcaldía referenciado, resulta sinalado o ámbito funcional de ditas concellerías, asignando aos concelleiros delegados de área as facultades de dirección organización interna e xestión directa que comprende a súa área funcional correspondente.

#### **II.- OBXECTO E EMPRAZAMENTO DO CONCURSO. NECESIDADES A SATISFACER. XUSTIFICACIÓN DA NON DIVISIÓN EN LOTES**

O Concello de Bueu, ten interese en convocar un concurso de proxectos con intervención de xurado, para segundo as ideas recollidas, posteriormente poder contratar o Plan Director de intervención urbana para a mellora e revitalización das condicións de vida do barrio mariñeiro de Banda do Río.

Dita iniciativa xorde tras recoller o concello de Bueu as demandas realizadas polas AAVVs do devandito barrio, en que requiría melloras viarias en canto á prioridade do peón para gañar en seguridade; maior tratamiento dos aparcamentos, renovación das edificacións, de servizos, iluminación e tratamiento do contacto coas vías e coa praia, etc.

Con esta iniciativa preténdese dinamizar a vida social e económica do barrio, dotándoo de maior accesibilidade e seguridade, facilitando promover e incentivar todo tipo de actividades sociais, deportivas e culturais, que os veciños, comerciantes e hostaleiros da zona ou o propio concello, poidan promover nel.

A tal efecto, o concello de Bueu considerou procedente contar coa colaboración do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia para propoñer a redacción das bases do concurso así como na difusión e desenvolvemento do concurso.

## Concello de Bueu

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029.





## Concello de Bueu

Establécese o Concurso de proxectos, anónimo con intervención de Xurado, mediante procedemento aberto nunha fase a nivel de anteproxecto, co fin de seleccionar as mellores propostas para revitalizar e mellorar as condicións de vida do barrio de Banda do Río, para contratar o Plan Director, do devandito barrio no Concello de Bueu (provincia de Pontevedra). Están delimitados polas rúas:

- Ao Sur e Oeste: rúa Pazos Fontenla (PO-315)
- Ao Norte: límite coa praia de Banda do Río e rúa Montero Ríos
- Ao Leste: rúa Rosalía de Castro

Así se pretende facer unha ampla reflexión sobre todo o barrio desde múltiples puntos de vista e desde distintas disciplinas (rexeneración urbana, sustentabilidade ambiental, mobilidade...). Desde distintos ámbitos de actuación podemos conseguir unha mellora ambiental e urbana de todo o barrio.

Partindo da evolución histórica, desde a abordaxe dos distintos problemas que se identifican, e que como parte da trama urbana de Bueu ten o barrio, desde o punto de vista ambiental, turístico, comercial, do lecer, cultural, deportivo e doutras múltiples disciplinas, o obxectivo do concurso de ideas debe ser a mellora ambiental do barrio, en canto a concreción do resultado formal, e tamén o incremento da calidade de vida, co fin de que o resultado final alcance uns estándares de calidade de vida superiores aos actuais. As conclusións poden ser variadas desde o punto de vista das propostas, e pode dar lugar a unha materialización mediante a elaboración dos correspondentes proxectos de obra.

Dotar de personalidade propia con elementos de mobiliario, sinalización e tratamiento de superficies que dean unha imaxe homoxénea que se perciba como conxunto a toda a intervención. Integrar o tecido urbano co tecido ambiental. Crear un tecido de calidade e de deseño e sostible.

Este concurso tamén pretende poñer en valor a relación histórica que tiña este antigo barrio mariñeiro coa praia, sendo a día de hoxe, a máis urbana esta vila localizada xusto aos pés do paseo marítimo-

En cumprimento do establecido no art. 99 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en diante LCSP, xustifícase a non división en lotes, debido a que trátase dunha prestación única e indivisible, consistente nunha idea, que será sobre a que se sustentará a proposta para, no seu caso, a adjudicación ulterior da redacción do Plan Director, polo que da realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultaría a correcta execución do mesmo dende o punto de vista técnico (art. 99.3.b LCSP)

### **III.- PROCEDIMENTO E TIPO DE CONCURSO**

O presente concurso é un concurso de proxectos de planificación e mellora urbana con premios aos participantes do tipo previsto no artigo 183.2 b) da LCSP), o cal establece textualmente: b) Concursos de proxectos con premios ou pagos aos participantes

O concurso será aberto, en fase única e a proposta técnica a presentar terá o nivel de anteproxectos. O concurso non poderá declararse deserto en algún ou todos os seus premios, a non ser que o Xurado considere por unanimidade que non poden outorgarse por non haber proxectos que resulten suficientemente satisfactorios para os obxectivos

## Concello de Bueu





## Concello de Bueu

do concurso e merecedores de tal distinción.

O concurso tramitarase mediante o procedemento regulado nos artigos 183 e seguintes da LCSP, da Subsección 7ª "Normas especiais aplicables aos concursos de proxectos" da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público. No non previsto pola devandita Subsección, rexerase por normas do procedemento aberto, en todo o que non lle resulte incompatible, así como polas disposicións reguladoras da contratación de servizos como indica o artigo 187.10 da LCSP.

No non previsto pola LCSP, rexerase polo Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RD 817/2009), e polo Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado mediante Real Decreto 1098/2001, do 12 de Outubro (RGLCAP), en todo o que non se opoña á anterior e non resultase afectado pola disposición derogatoria da LCSP. Supletoriamente, aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, na súa falta, as de dereito privado (art. 25.2 LCSP).

Posteriormente, á vista da formulación que faga a eventual proposta gañadora, unha vez poida fixar coa debida determinación o obxecto do contrato de servizos para encargar o Plan Director de intervención urbana, que se poida acometer total ou parcialmente, ou por fases, as actuacións propostas, procederá a adxudicar o correspondente contrato de servizos de redacción do Plan Director ao autor da proposta gañadora mediante un procedemento de contratación posterior. A contratación destes traballos profesionais ao autor da proposta gañadora, en tanto que supoñen a continuidade do concurso de proxectos, realizarase polo procedemento negociado sen publicidade, segundo o previsto no artigo 168.d) LCSP.

### IV. **VALOR ESTIMADO. TRAMITACIÓN ANTICIPADA**

Tendo en conta que o procedemento escollido é o establecido no art. 183.2.b) da LCSP, terase en conta o importe total dos premios e pagos, incluíndo o valor estimado do contrato de servizos que puidera adxudicarse ulteriormente con arreglo ao art.168.d), se o órgano de contratación advertise no anuncio de licitación sua intención de adxudicar dito contrato.

O **valor estimado do concurso de proxectos**, conforme ao previsto nos artigos 101 e 183.4 da LCSP, **ascende a 60.068,88 € más IVE**, que é o resultado da suma dos pagos aos participantes en concepto de premios (38.000 €) e o valor estimado do contrato de redacción do Plan Director que se adxudicará ao gañador (42.068,88 € dos que se detraen 20.000 € que é o importe do primeiro premio e que ten a consideración de entrega a conta).

O concurso de proxectos contempla o pago dos seguintes **premios**, por un importe máximo total de 38.000,00 euros coa seguinte desagregación:

- Primeiro premio (proposta gañadora): (\*)20.000,00 €
- Segundo premio: 10.000,00 €
- Terceiro premio: 5.000,00 €
- Primeiro accésit: 2.000,00 €
- Segundo accésit: 1.000,00 €

(\*) carácter de pago a conta e no seu caso deducirse da adxudicación da redacción do Plan Director mediante un procedemento negociado posterior.

---

## Concello de Bueu





## Concello de Bueu

**Orzamento do contrato de servizos** de redacción do Plan Director susceptible ou non de ser contratado:

Valor estimado do contrato de servizos de redacción do Plan Director: 42.068,88 € (sen IVE)

O Orzamento total, (IVE incluído), de acordo co seguinte desglose: 42.068,88 € + 21 % IVE (8.834,46 €) = 50.903,34 €

**O Orzamento base de licitación** é 50.903,34 (contrato de servizos de redacción do Plan Director)+18000 (premios)= **68.903,34 €**

### Tramitación anticipada:

En virtude do disposto na Disposición Adicional 3ª da LCSP, a adxudicación do contrato quedará sometida á condición suspensiva de existencia de crédito axeitado e suficiente, no exercizo económico correspondente para financiar as obrigas derivadas do mesmo no exercizo correspondente.

## V.- CATEGORÍA CONTRACTUAL E PRINCIAIS CARACTERÍSTICAS

A través deste cadre se resumen as principais características do concurso de proxectos a celebrar:

<b>I. OBJETO DEL CONTRATO: CONCURSO DE IDEAS PARA REVITALIZAR Y MEJORAR LAS CONDICIONES DE VIDA DEL BARRIO DE BANDA DO RÍO, PARA CONTRATAR EL PLAN DIRECTOR, DE DICHO BARRIO EN EL AYUNTAMIENTO DE BUEU (PROVINCIA DE PONTEVEDRA)</b>	
<b>I.1 - Objeto</b>	Objeto del contrato: Concurso de proyectos, anónimo con intervención de Jurado, mediante procedimiento abierto en una fase a nivel de anteproyecto, con el fin de seleccionar las mejores propuestas para revitalizar y mejorar las condiciones de vida del barrio de Banda do Río, para contratar el Plan Director, de dicho barrio en el Ayuntamiento de Bueu (provincia de Pontevedra)
<b>I.2 - Régimen jurídico y tipo de concurso</b>	Concurso de proyectos previsto en el art. 183.2 b) de la LCSP): Concursos de proyectos con premios o pagos a los participantes. Procedimiento abierto (art. 187.10 LCSP) Normas especiales aplicables a los concursos de ideas (art. 183 y siguientes da LCSP)
<b>I.3 - Necesidades a satisfacer</b>	Las indicadas en el Informe justificativo de necesidad, idoneidad y eficiencia
<b>I.4 - División en lotes</b>	<input type="checkbox"/> si <input checked="" type="checkbox"/> no
<b>I.5 - Codificación Vocabulario común de contratos (CPV) y</b>	CPV: 71240000-2 Servicios de arquitectura, ingeniería y planificación





## Concello de Bueu

<b>Clasificación estadística de productos por actividades (CPA)</b>	71400000-2 Servicios de planificación urbana y de arquitectura paisajística  CPA 71.11 "Servicios técnicos de arquitectura" 71.12 "Servicios de Ingeniería y otros servicios relacionados con el asesoramiento técnico"
<b>I.6 - Contrato reservado de conformidad con la D.A. 4ª LCSP</b>	<input type="checkbox"/> si <input checked="" type="checkbox"/> no
<b>I.7 - Mejoras</b>	<input type="checkbox"/> si <input checked="" type="checkbox"/> no No se prevén mejoras en los PCAP
<b>I.8 - Modificaciones previstas en el PCAP</b>	<input type="checkbox"/> si <input checked="" type="checkbox"/> no

<b>II. PRESUPUESTO DE LICITACIÓN</b>	
<b>II.1 Valor estimado (V.E)</b>	Valor estimado total: 60.068,88 €  Premios: 38.000 €  Valor estimado del contrato de servicios de redacción del Plan Director que se adjudicará al ganador: 42.068,88 € (de los que se detraen 20.000 € que es el importe del primer premio y que tiene la consideración de entrega a cuenta)
<b>II.2 Presupuesto base de licitación (PBL) (Iva incluido)</b>	Contrato de servicios de Redacción Plan Director 42.068,88 + 21% IVA (8.834,46 €) = 50.903,34 € Premios 38.000 (-20.000 entrega a cuenta primer premio) =18.000 € <u><b>50.903,34 +18000 = 68.903,34 €</b></u>
<b>II.3. Tramitación anticipada del expediente y aplicación presupuestaria</b>	Tramitación anticipada del expediente (DA3ª CSP): <input checked="" type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> No
<b>II.5 Anualidades afectadas</b>	2023 Y 2024
<b>II.6 - Regulación armonizada</b>	<input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> No

<b>III. DEL PROCEDIMIENTO</b>	
<b>III.1- Procedimiento e tramitación:</b>	Procedimiento de contratación: Concurso de proyectos  Tipo de procedimiento: abierto (art. 187.10 LCSP)  Especialidades del concurso de proyectos regulado en los art. 183 y siguientes de

- Criterios:  
 Único  
 Pluralidad de criterios de valoración





## Concello de Bueu

III. DEL PROCEDIMIENTO		
	la LCSP.	
	Fundamento jurídico (justificación procedimiento)	Arts. 25, 131.2, 145, 183, 187 y 198 LCSP
	Tipo de contrato:	Servicios
	Tramitación:	<input type="checkbox"/> Anticipada
<b>III.2 - Publicidad</b>	<p>Perfil del contratante (Plataforma de Contratación del Sector Público-PLCSP) y tablón electrónico.</p> <p>Datos perfil de contratante de la Junta de Gobierno Local del Ayuntamiento de Bueu: Integrado en la Plataforma de Contratación del Sector Público (<a href="http://www.contrataciondelestado.es">www.contrataciondelestado.es</a>) Dirección de acceso: <a href="https://bueu.sedelectronica.gal">https://bueu.sedelectronica.gal</a> Datos del Tablón electrónico: sede electrónica del Ayuntamiento de Bueu/ Pestaña "Información xeral" Acceso desde web institucional: <a href="http://www.concellodebueu.gal">www.concellodebueu.gal</a></p>	
<b>III.3 - Solicitud de información adicional</b>	<p>Podrán realizarse consultas por escrito, hasta 5 días hábiles antes del fin de plazo de presentación de propuestas, a través del perfil del contratante de conformidad con las siguientes instrucciones:</p> <p>1º.-Acceder a la Plataforma de Contratación do Estado, buscar a licitación y pinchar en ella para ver su detalle.</p> <p>2º.-Pulsar na pestaña denominada "SOLICITAR INFORMACIÓN"</p> <p>3º.- Pulsar no botón "NUEVA PREGUNTA" no que se habilitará un formulario con una caja de texto "Pregunta" donde se deberá insertar su pregunta o duda.</p> <p>4º.-Pulsar "ENVIAR"</p>	
<b>III.4 - Criterios de adjudicación</b>	<p><input type="checkbox"/> Único <input checked="" type="checkbox"/> Pluralidad de criterios de valoración (base 13 del PCAP) Art.184.3 LCSP: En los concursos de proyectos, la valoración de las propuestas se referirá a la calidad de las mismas, y sus valores técnicos, funcionales, arquitectónicos, culturales y ambientales.</p> <p><b>PUNTUACIÓN MÁXIMA: 100 puntos</b></p> <p><b>CRITERIOS:</b></p> <p>A) Funcionalidad de la propuesta y relación con el entorno. <b>Hasta 50 puntos.</b></p> <p>B) Calidad y sostenibilidad y mejor accesibilidad de la propuesta. <b>Hasta 25 puntos.</b></p> <p>C) Viabilidad económica de las actuaciones previstas en el ámbito del concurso. <b>Hasta 25 puntos.</b></p>	
<b>III.5 - Garantías</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• <u>Provisional</u> <input type="checkbox"/> Procede <input checked="" type="checkbox"/> No procede</li><li>• <u>Definitiva:</u> <input type="checkbox"/> Procede <input checked="" type="checkbox"/> No procede.</li></ul>	

## Concello de Bueu

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029.





## Concello de Bueu

---

Á vista dos antecedentes expostos, enténdese xustificada a necesidade da celebración do concurso de proxectos.

Todo o que se fai constar aos efectos do artigo 28.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro de Contratos do Sector Público, referente a necesidade e idoneidade do contrato, debéndose incorporar a presente memoria no correspondente expediente de contratación.

*(documento asinado dixitalmente na data que figura á marxe)*

